



In memóriam

A Donato, mestre! Mestre da fe, mestre da palabra, mestre da amizade

Mari Carmen Taboada Iglesias / Julio López Regueiro

Querido Donato:

Deus Pai fíxonos un gran regalo coa túa presenza nas nosas vidas. Agora es ti un regalo para Deus Pai. Ese Deus Pai/Nai e Deus Perdón que tiñas sempre presente nas homilías, nas celebracións do perdón que tantas veces compartimos e na túa propia vida.

Ese Deus Amor saíu ao teu encontro para darche un abrazo de Amor Eterno. Descansa en Paz. O mar que te viu nacer e a terra que tantas veces percorriches con palabras de vida, non esquecerán a un gran peregrino, a un gran pastor, a un gran servidor, a un gran orador e a un gran poeta de Deus. Permanecerás no noso corazón e nas nosas oracións, pero como cando tiñamos as xuntanzas de Liturxia nos poñías «deberes»; permítenos que desde a humildade che pidamos que sexas ti, quen agora pida por nós.

Graciñas por entender sempre as nosas pequeneces, os nosos sufrimentos e as nosas limitacións. Graciñas por removernos por dentro e por ensinarnos o significado do verbo interpelar. Graciñas por estar sempre coa dor do ser humano e co perdón do Deus Pai/Nai. Onte mesmo, un mozo cando soubo que marcharas ao encontro de Deus; dixo o seguinte: Que home máis grande foi! E lembraba este mozo, que estando no tanatorio dun familiar que se quitara –o noso ben máis prezado– a vida, chegaches ti, Donato; con paso firme a reconfortar a familiares e amigos, e sempre lembrarei –dicía– cando non culpou. Puxo en valor o descanso e o sufrimento desa persoa e da xente que a quería. Un cura dos de verdade, dos que atenden e dos que entenden o sufrimento humano. Grazas, eternamente grazas, mestre de fe; amigo!

Mari Carmen Taboada Iglesias

A Donato, mestre! Mestre da fe, mestre da palabra, mestre da amizade



* * *

Eu sabía da existencia de Donato pois fora condiscípulo dun tío meu, tamén sacerdote, falecido no ano 1971, mais foi aquí, na Parroquia de Santo Antonio de Fontiñas, onde o coñecín, gozando do seu acompañamento nestes últimos anos da súa vida.

En nome de todos nós dou grazas a Deus polo agasallo que nos fixo en Donato, un verdadeiro vello na fe, que como puidemos experimentar «ademais do salmo coñecía o Pastor», e que conseguiu que todos nós agora sexamos mellores e máis libres.

Como lle escoitamos tantas veces –quería morrer vivo– e eu hoxe son testemuña de que Deus lle concedeu que así fora.

Esta parroquia aínda nova conta xa con moitos santos, todos eles retratados nese fermoso mural que está pendurado na parede, e hoxe estamos cheos de ledicia pois un de nós, «O noso Donato... xa chegou á meta», precisamente no día da festividade de Santa María Salomé, que soubo pedir a Xesús polos seus fillos, ao igual que seguirá facendo Donato por todos nós como sempre fixo.

Das moitas cousas que nos legou quero destacar a importancia de ter sede, e permitíndeme repetir uns versos de Luís Rosales tantas veces escoitados:

*«de noche iremos, de noche,
sin luna iremos, sin luna,
que para encontrar la fuente
sólo la sed nos alumbra».*

Moitas grazas meu amigo.

Julio López Regueiro